

Montes PEFC

Galicia

Promovendo a Xestión
Forestal Sostible



"A PANDA DA DÁ"

Programa de Recoñecemento de montes certificados PEFC



Imaxe cedida por FINSA: A Panda da Dá

A **certificación forestal PEFC** é o sistema de certificación líder a nivel mundial en xestión forestal sostible.

A través dela garántese que a madeira, o papel e outros produtos forestais proceden de montes xestionados de forma responsable, respectando o equilibrio entre as persoas, a natureza e a economía local.

No conxunto do planeta, millóns de hectáreas de bosque contan con certificación PEFC, e detrás de cada unha delas hai unha historia de compromiso coa conservación, a biodiversidade e o desenvolvemento rural sostible.

En Galicia, este compromiso é especialmente significativo: superamos xa as **500.000 hectáreas certificadas**, xestionadas por máis de **67.000 propietarios e xestores forestais**, dos arredor de 80.000 que existen en toda España. Galicia é tamén **líder nacional** en número de empresas con **cadea de custodia certificada**, o que demostra o forte vínculo entre o monte e a industria forestal galega, baseada nun modelo sostible e de proximidade.

Para poñer en valor este esforzo colectivo, **PEFC Galicia** pon en marcha o **Programa de Recoñecemento de Montes Certificados PEFC**, unha iniciativa que busca destacar e agradecer o traballo das persoas e entidades que aplican boas prácticas de xestión forestal sostible nos seus montes, a través das Entidades Certificadas PEFC en Galicia.

Este recoñecemento é tamén unha forma de dar visibilidade ao compromiso da sociedade galega coa sustentabilidade, de achegar o valor dos montes á cidadanía e de mostrar que a certificación forestal é unha ferramenta eficaz para garantir o futuro dos nosos bosques e das comunidades que viven deles.

Cada monte conta unha historia: a dun territorio, a dun xeito de facer e a dunha comunidade que entende o monte como herdanza e responsabilidade compartida.



Imaxe cedida por FINSA: A Panda da Dá



Web
www.pefcgalicia.org



PEFC Galicia

A Panda da Dá

FINSA



Imaxe cedida por FINSA: A Panda da Dá

DATOS DO MONTE

Propiedade: Finsa Maderera S.A. (Finsa).

Superficie certificada PEFC: 400,69 hectáreas.

Localización: As Pontes de García Rodríguez e As Somozas. A Coruña.

O monte coñecido como “A Panda da Dá” é un espazo forestal xestionado baixo un modelo sustentable que busca equilibrar a produción de madeira coa conservación dos ecosistemas e a integración coa comunidade local.

Desde a súa adquisición por parte de Finsa en 1989, o predio foi manexado con criterios de xestión sustentable, converténdose nun dos referentes para a silvicultura responsable en Galicia.

Nos últimos anos, Finsa incorporou o enfoque social á súa xestión forestal, promovendo experiencias e actividades que se veñen desenvolvendo no predio de “A Panda da Dá”. Estas experiencias e actividades deséñanse cun enfoque divulgativo e cultural, promovendo a participación da comunidade local, e ofrecendo aos participantes unha visión global do medio rural no que se asenta a actividade forestal da compañía.

P L A N D E X E S T I Ó N

Manexo
Forestal

Conservación
da
biodiversidade

Xestión
Hídrica e do
Solo

Desenvolvemento
económico
e social

E S P E C I E S P R E S E N T E S

Especie principal: Pinus radiata utilizada na produción de madeira estrutural e taboleiros contralaminados (CLT).

Tamén conta con **bosques autóctonos** con mestura de carballos, castiñeiros, abeleiras, bidueiros, ameneiros, freixos, etc. e **zonas de especial valor ecolóxico**.



PEFC Galicia

A Panda da Dá

FINSA

RESULTADOS E LOGROS



Sustentabilidade e Produción Responsable

Máis de tres décadas de xestión forestal sostible.

Xestión forestal sustentable certificada dende hai xa 20 anos.

Uso innovador da madeira en construción: produción de Pinus radiata certificada para a fabricación de estruturas en CLT (Pino de Galicia).

Mantemento de hábitats naturais clave dentro do predio.

Redución do impacto ambiental mediante técnicas silvícolas sustentables.

Seguimento do estado de conservación dos hábitats forestais.



Conservación Ambiental




Innovación e Educación

Ensaio pioneiro con especies resistentes a enfermidades provocadas polos fungos criptogámicos.

Desenvolvemento dun proxecto pioneiro de certificación de servizos ecosistémicos coa colaboración da Universidade de Vigo.

Proxecto para a creación dun centro de formación e divulgación forestal no predio.



PEFC Galicia

A Panda da Dá

FINSA



PEFC Galicia

A Panda da Dá

FINSA

DATOS DO CERTIFICADO

Entidade Certificada: FINSA-Financiera Maderera S.A

Certificado: PEFC/14-23-00006-AEN

Licenza: PEFC/14-23-00006

Modalidade de certificación: Individual

Data de certificación inicial: 21/06/2004

Entidade certificadora: AENOR CONFÍA, S.A.



Finsa

Finsa, cunha traxectoria de case un século, é una empresa galega de referencia no sector da transformación industrial da madeira, que traballa para dar resposta as necesidades dos sectores do hábitat e da construción. Fabrica, diseña e transforma produtos derivados da madeira: taboleiro, superficies decorativas, compoñentes para mobles, solos laminados e madeira maciza. Conta con 11 centros produtivos, presenza en máis de 80 países, e un equipo de máis de 3.200 persoas.

Veta é a marca forestal de Finsa, que representa a evolución do seu traballo no monte, abarcando o aproveitamento, o abastecemento e a xestión forestal. Veta quere seguir contribuíndo ao desenvolvemento do medio rural como motor de innovación e sustentabilidade, apostando por iniciativas como "A Panda da Dá", que impulsen o seu crecemento, promovendo a actividade local e a posta en valor dos seus recursos.

veta

Una marca de Finsa

Superficie Certificada FINSA: 995,55 ha PEFC

Buscador de certificados de XFS PEFC: <http://buscador-gfs.pefc.es>

Buscador de superficies certificadas PEFC: <http://buscador-montes.pefc.es>




PEFC Galicia

A Panda da Dá

FINSA

ACTO DE RECOÑECEMENTO



PEFC Galicia



Asociación Galega Promotora
da Certificación Forestal

